

A falsa tregua con Irán e a crónica dun fracaso anunciado: "Semella que Israel está marcando a axenda de Estados Unidos"

Bruno González Cacheda, profesor de Ciencia Política na Universidade de Vigo (UVigo), sostén que a fragilidade do alto o fogo con Irán tiña moito que ver coa falta de confianza, a presión israelí sobre Washington e a imprevisibilidade de Trump nun conflito que volveu recruar.



Trump e Netanyahu maquinando sobre o plan a seguir en Irán / IA

ÁNGELA PRECEDO | Luns, 13 de Abril de 2026, 22:00 CET



Hai conflitos que envellecen en cuestión de horas e outros que, mesmo cambiando de forma a unha velocidade vertixinosa, conservan intacta a súa lóxica profunda. O que vén acontecendo estes días entre **Estados Unidos, Irán e Israel** pertence claramente a esa segunda categoría. O espellismo do **alto o fogo**, presentado como unha posible pausa tras semanas de tensión, durou o xusto para confirmar ata que punto Oriente Próximo continúa instalado nunha **inestabilidade estrutural**, nun equilibrio cada vez máis fráxil e sometido a intereses

cruzados que van moito máis alá da mera retórica diplomática. A tregua anunciada foi recibida polas Nacións Unidas como unha oportunidade para a desescalada, mais xa nacía atravesada por unha pregunta esencial: **quen estaba a mandar realmente nesta secuencia**, se a diplomacia ou a forza, se Washington ou Tel Aviv, se a vontade de conter o incendio ou a pulsión de seguir alimentándoo. A resposta, vista a evolución das últimas horas, non convida precisamente ao optimismo.

As conversas celebradas en Islamabad entre Estados Unidos e Irán remataron sen acordo, o marco da tregua quedou practicamente no aire e a crise entrou nunha nova fase de **máxima presión**, con ameazas cruzadas, advertencias sobre o tráfico marítimo e unha renovada incerteza internacional arredor do **estreito de Ormuz**. As informacións máis recentes apuntan a que o suposto alto o fogo nunca chegou a consolidarse realmente, ou cando menos quedou sometido desde o inicio a unha **precariedade extrema**. Nunha entrevista para [Galicia Confidencial](#), **Bruno González Casheda, profesor de Ciencia Política na Universidade de Vigo (UVigo)**, xa advertía de que fiar a estabilidade do momento a un cesamento das hostilidades era, como pouco, precipitado. A súa idea central era outra: **o decisivo non era tanto o anuncio formal dunha tregua como a ausencia de confianza, a inconsistencia de Estados Unidos e a capacidade de Israel para condicionar, empurrar e, en boa medida, marcar a axenda da primeira potencia mundial**.

UNHA TREGUA NACIDA SEN CONFIANZA

“Cada vez é máis difícil facer prediccions e pronósticos”, resume González Casheda ao comezo da conversa con Galicia Confidencial, antes de situar a orixe desa incerteza en **“todos os bandazos que ten dado fundamentalmente Estados Unidos e o goberno de Trump”**. Para el, o problema non é só a volatilidade das declaracións, senón a distancia entre o que Washington di e o que finalmente fai. **“Estamos moitas veces pendentes das súas declaracións, pero esas declaracións non rematan de corresponderse cos feitos”**, sostén. E por iso mesmo, cando se lle pregunta pola posibilidade dun alto o fogo duradeiro, a súa cautela é total: **falar de negociación non abonda cando o precedente inmediato é a ruptura unilateral dun procedemento que estaba en marcha**.

Aí está unha das claves da súa lectura. González Casheda insiste en que o ataque de Estados Unidos contra Irán se produce **“no marco dunhas negociacións que están en marcha”** e que, ademais, **“se rompen unilateralmente por parte de Estados Unidos”**. Esa secuencia converte en case imposible calquera arquitectura sólida de confianza. Non porque a diplomacia sexa irrelevante, senón porque, cando unha das partes utiliza a negociación mentres mantén aberta a vía da agresión, o que transmite ao outro lado é que **a súa palabra vale pouco**. E en Oriente Próximo, onde cada movemento se mide tamén en termos de supervivencia estratéxica, iso ten consecuencias inmediatas.



Trump na reunión posterior ao ataque a Irán / Casa Blanca - Arquivo

"ISRAEL ESTÁ MARCANDO A AXENDA DE ESTADOS UNIDOS"

Desde esa premisa, González Cacheda formula a idea máis potente de toda a entrevista e probablemente a que mellor aguanta o paso dos acontecementos: **“A sensación é que Israel está marcando a axenda de Estados Unidos”**. E non o presenta como unha frase efectista, senón como unha inversión dunha relación histórica que durante décadas se explicou xustamente ao revés. Noutras ocasións, lembra, podía dicirse que Israel funcionaba como un gran portavián de Estados Unidos na rexión. Agora, en cambio, percibe que **“a axenda está sendo marcada por Israel e o goberno de Estados Unidos, o goberno de Trump, nun intre dado, estase deixando arrastrar pola axenda israelí”**.

A gravidade do diagnóstico aumenta cando engade que ese arrastre se produce, ao seu xuízo, **“en contra do criterio do Pentágono”** e das persoas que manexan máis información dentro do aparello do Estado norteamericano. Segundo explica, Trump tería actuado non tanto a partir da análise máis prudente dos seus propios expertos como da información e das expectativas trasladadas polo Goberno israelí. De aí a súa impresión de que Washington aparece **“un pouco perdido”** e atrapado nunha situación que non controla de todo. **“Víronse arrastrados fundamentalmente pola información e pola axenda de Israel e agora mesmo dá a sensación de que non saben como saír de aí”**, afirma.

UNHA INFLUENCIA QUE VAI MÁIS ALÁ DE TRUMP

A súa explicación vai máis alá do episodio concreto. O profesor de Ciencia Política na UVigo conecta esa suposta capacidade de arrastre cunha cuestión de **recursos, poder e influencia política acumulada**. Fala explicitamente da presión do **“lobby israelí-sionista”** dentro da administración estadounidense e lembra que nin sequera Joe Biden foi quen de **“meter en cintura”** a Israel durante a

guerra de Gaza. Na súa análise, non se trata dunha anomalía puntual vencellada ao temperamento de Trump, senón dunha **estrutura de influencia moito máis profunda**, con capacidade para impor marcos interpretativos, prioridades e ritmos de acción.

A ese esquema engade outro elemento delicado. González Casheda menciona informacións xornalísticas, particularmente unha publicada polo *New York Times*, segundo as cales Trump tería tomado decisións moi relevantes baseándose no relato que lle forneceu Benjamin Netanyahu: **unha operación rápida, con poucos custos, susceptible de provocar movementos internos, insurreccións e, finalmente, a caída do réxime iraniano**. E, aínda que González Casheda matiza que non pode verificar ao cen por cen esa información, si considera que encaixa co que acabou ocorrendo. É dicir, cun **cálculo de vitoria rápida** que se foi desfazendo a medida que Irán amosaba unha **capacidade de resistencia maior da esperada**.



Netanyahu / RTVE

A RESISTENCIA IRANIANA E O FACTOR ORMUZ

“**A resistencia de Irán foi moi superior á agardada**”, resume o experto. E esa frase resulta decisiva, porque enlaza o plano militar co económico e co xeopolítico. González Casheda subliña o peso do **estreito de Ormuz** como factor que multiplica o alcance de calquera escalada e complica a situación a nivel internacional. As noticias destes últimos días danlle a razón nese punto: tras fracasar as conversas, rexistrouse un novo aumento da tensión arredor do tráfico marítimo e do mercado enerxético, precisamente un dos escenarios máis sensibles de todo o conflito.

O CUSTO INTERNO PARA TRUMP

Así mesmo, González Casheda lembra que Trump se presentou como un dirixente que non ía embarcarse en **“novas aventuras exteriores internacionais moi custosas”** e que unha implicación máis fonda en Irán choca de fronte con esa promesa. Por iso sostén que esta guerra pode abri-lle **“serias dificultades internas”** ao Goberno estadounidense. Non ve nela unha operación doada de vender ao seu electorado nin unha intervención de baixo custo con retorno rápido, senón máis ben o contrario: **unha fonte de desgaste nun momento politicamente delicado**. A súa formulación é especialmente clara cando se refire á base electoral de Trump. **“Dentro da súa propia base electoral hai un sector amplo descontento”**, sinala, precisamente porque esta deriva contradí o núcleo do discurso co que o presidente regresou á Casa Branca.

Ao seu xuízo, Trump intenta compensalo con **“golpes de efecto discursivos”**, pero iso non elimina o problema de fondo. E engade outro dato revelador: a existencia de **“depuracións e inestabilidade”** dentro do propio aparello do Estado, con cambios na xerarquía militar e ausencia de consenso entre as elites estadounidenses sobre a intervención en Irán. Non é unha observación menor. Porque unha administración dividida, con tensións entre o liderado político, o aparello militar e a comunidade de intelixencia, ten menos capacidade para deseñar unha saída coherente e máis risco de moverse por impulsos, por presións externas ou por necesidades de relato interno. Aí é onde a análise de González Casheda entronca coa enorme dificultade para facer previsións. **A imprevisibilidade non é só unha consecuencia do contexto bélico; é, sobre todo, un trazo do actor que debería ordenar ese contexto e non o está facendo.**

POR QUE O ALTO O FOGO ERA TAN FRÁXIL

Hai uns días, o profesor da UVigo xa advertía de que, se tiña que arriscar unha previsión, a vía da tregua parecía **“complicada”**. E explicáboo por dúas razóns: a continuidade da **lóxica expansionista e militar israelí**, especialmente visible tamén noutros frontes como Líbano e Gaza, e a quebra previa da confianza entre Irán e Estados Unidos. **“Un dos elementos máis importantes en calquera negociación é a confianza”**, lembra, resaltando que **“a confianza no goberno de Trump é moi limitada”**. E ese punto conecta case milimetricamente coa evolución posterior. A ONU saudou o anuncio da tregua de dúas semanas e pediu que as partes a respectasen, pero ao mesmo tempo xa se advertía da súa fragilidade e do risco de que a violencia noutros escenarios fixese saltar polos aires calquera tentativa de desescalada.

O que veu despois non fixo máis que reforzar esa hipótese: **a tregua non se consolidou e o conflito regresou rapidamente a un escenario de máxima tensión**. No fondo, o que suxire este episodio é algo aínda máis inquietante: que o problema xa non é só a guerra en si, senón a **degradación do marco desde o que se intenta contela**. Se Estados Unidos negocia mentres rompe negociacións, se Israel opera como forza capaz de marcar a axenda de Washington, se Irán entende que calquera oferta pode agochar unha nova agresión e se a comunidade internacional apenas consegue gañar tempo, entón o alto o fogo deixa de ser unha porta de saída e convértese, simplemente, nun **paréntese precario entre unha escalada e a seguinte**. Iso era, precisamente, o que Bruno González Casheda viña dicir. E iso é, precisamente, o que agora volve verse con crueza.